

Acta de Reunión da Comisión Académica do Máster en Big Data

Lugar: Microsoft Teams

Día: 12/01/2023

Hora inicio: 13:00, Hora fin: 13:25h

Asisten:

Tomás Fernández Pena

Paula López Martínez

David Losada Carril

Manuel Mucientes Molina

M^a Carmen Palacios Oubiña

Escusan asistencia:

Eduardo Sánchez Vila

Non asistiron:

Julia González Álvarez

Orde do día:

1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (achégase coa convocatoria).
Apróbase por unanimidade.

2- Informe do coordinador.

O coordinador informa dos seguintes puntos:

Enquisa de nova incorporación. Respondéronse 7 enquisas dun total de 20 alumnos novos. O coordinador comenta os diferentes apartados da enquisa.

3- Cambios na comisión do máster.

Apróbase por unanimidade a nova composición da comisión do título do máster universitario en tecnoloxías de análise de datos masivos: Big Data

D. David E. Losada Carril (subdirector da Escola Técnica Superior de Enxeñería que actuará como Presidente)

D. Manuel Mucientes Molina (Coordinador do título e actuará tamén como secretario da Comisión)

D.^a María Carmen Palacios Oubiña (Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da ETSE)

D.^a Julia González Álvarez (directora da Escola Técnica Superior de Enxeñería e Responsable de calidade do centro)

Representates do PDI:

D.^a Paula López Martínez (área Electrónica)

D. Tomás Fernández Pena (área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores)

D. Eduardo M. Sánchez Vila (área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial)

D. Joaquín Triñanes Fernández (área de Linguaxes e Sistemas Informáticos)

Representante do alumnado:
Juan Carlos Nieto García

4- Aprobación de anteproxectos de traballo de fin de máster (achéganse coa convocatoria).
Apróbanse por unanimidade os seguintes anteproxectos:

Alejandro Torrado Pazos. Tecnoloxías para a simplificación de textos para un motor de xeración de preguntas de última xeración (Neural Question Generation - NQG). Titores: David Losada Carril e Héctor Cerezo.

5- Aprobación das accións de mellora do curso 2022-2023.
Apróbanse as seguintes accións de mellora:

- AM-MTAD-1
 - **Análise.** Existe unha demanda crecente por parte dos alumnos de incluír contidos de Computación na Nube (cloud computing) no Máster. Hai dúas materias do Máster nas que estes contidos se estudan ou se utilizan pero non con moita intensidade: Tecnoloxías de Computación de Datos Masivos e Tecnoloxías de Xestión de Información non Estruturada. O obxectivo neste curso é ofertar aos alumnos formación complementaria aos contidos do Máster en Computación na Nube.
 - **Descrición.** Ofertar aos alumnos como actividade da Aula Profesional contidos de Computación na Nube. Concretamente se promoverá a participación en talleres de Virtualización, Centro de Datos Definido por Software (SDDC) e Cloud, e Kubernetes.
 - **Tarefa.** Talleres de Virtualización, Centro de Datos Definido por Software (SDDC) e Cloud, e Kubernetes.
- AM-MTAD-2
 - **Análise.** Nos últimos anos leváronse a cabo diferentes accións de mellora no Máster no eido da aprendizaxe profunda (Deep Learning). Actualmente estes contidos estanse a impartir na materia de Minería de Datos, aínda que na materia de Aprendizaxe Estatística tamén se estudan redes neuronais. Para a execución de algoritmos de aprendizaxe profunda é necesario o uso de GPUs e, aínda que no Máster se están a utilizar os recursos do CESGA, compre ter a disposición dos alumnos do Máster alomenos unha GPU que permita complementar as prácticas das materias de Aprendizaxe Estatística e Minería de Datos, tanto para a execución de redes neuronais convencionais como para aprendizaxe profunda (Deep Learning).
 - **Descrición.** Adquisición dunha GPU para a súa utilización nas prácticas das materias de Aprendizaxe Estatística e Minería de Datos.
 - **Tarefa.** Adquisición dunha GPU NVIDIA GeForce RTX 3090 24 GB GDDR6X e una fonte de alimentación para a mesma, e a instalación destes dispositivos nun servidor do CITIUS.
- AM-MTAD-3
 - **Análise.** No último curso académico levouse a cabo unha acción de mellora para aumentar a captación de alumnado internacional, concretamente hispanoamericano,

xa que o potencial número de alumnos con este perfil é moi elevado. A iniciativa tivo éxito e é de interese repetila este curso.

- **Descrición.** Aumentar a difusión do Máster ao alumnado de Hispanoamérica.
- **Tarefa.** Participar na actividade dixital de mercadotecnia internacional que está a desenvolver o Servizo de Captación Internacional da Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional.

6- Proposta de oferta de prazas para o curso 2023-2024.

Apróbase por unanimidade a seguinte oferta de prazas:

Estudantes con titulacións do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)-xullo: 19

Estudantes con titulacións do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)-setembro: 0

Estudantes con titulacións de sistemas educativos de países alleos ao EEES: 1

Total de prazas ofertadas: 20

Cota de prazas a tempo parcial (sobre o total de prazas ofertadas): 2

Matrícula anticipada para o curso 2024-2025:

Estudantes con titulacións de sistemas educativos de países alleos ao EEES: 1

7- Informe de avaliación de méritos docentes.

Infórmase favorablemente da avaliación de méritos docentes dos seguintes profesores: Tomás Fernández Pena, José Ramón Ríos Viqueira, Paula López Martínez, José Varela Pet.

8- Rolda aberta de intervencións.

Non houbo.